



2º tarefa ÁMBITO STEAM

| 1. IDENTIFICACIÓN | |
|---|----------------------------------|
| TÍTULO DA TAREFA: COMPRENDEMOS O CORPO HUMANO | |
| ETAPA: Educación Primaria | NIVEIS: 3º e 4º de EP |
| ÁMBITO / ÁREAS: Lengua Castelá, Lingua Galega, Naturais e Ed. Plástica e Visual | PROFESORADO: Paola Losada |
| DESCRIPCIÓN DA TAREFA Iniciaremos o traballo a través do entorno moodle da aula virtual, onde cada grupo explorará as actividades propostas na mesma. Preténdese unha mellora da comprensión do funcionamento de distintas partes do corpo, a través da construción de maquetas do corpo humano (mano mecánica e columna vertebral). Ademáis, realizarase unha investigación do corpo humano a través da aplicación body planet coas camisetas anexas. | |
| XUSTIFICACIÓN Dentro do currículo de 3º e 4º aparece o estudo do corpo humano. Xeralmente a comprensión do sistema nervioso e a súa relación co sistema locomotor é algo difuso nestas idades, con este traballo espérase que mellore a comprensión do mesmo. | |
| CONTEXTO Realizarase na aula STEM con material de refugallo (cartóns, restos de teas, fíos, etc), coas tablets e cos ordenadores edixgal antigos. | |

| 2. CONCRECIÓN CURRICULAR | | |
|--|---|--|
| ACTIVIDADES | CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
| Actividade previa: visionado dunha explicación xeral dos sistemas do corpo humano. https://youtu.be/RKvz9DsZSLw?si=Wbr_ctkKEPhCCXrN | | |
| 1. Explicación do traballo a realizar no día. Reparto do traballo por grupos. (algún grupo comezará pola man e outros pola columna vertebral e logo intercambiarán). Enlace aula virtual do centro: (só con contrasinais) https://www.edu.xunta.gal/centros/ceip_alborada/aulavirtual/course/view.php?id=158 | LC - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. (OBX 3) LG - CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía. (OBX 3) LC 4º - CA2.1. e LG 4º - CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais. MAT - CA2.1/CA3.1/CA6.4. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. (OBX 8) | Escala de Observación |
| 2. Na aula virtual do colexio dispoñen de dous apartados para a construción das maquetas con enlaces de videos- guía: <ul style="list-style-type: none"> - Mano robótica: - https://youtu.be/ybFy-zyLYco?si=lcey-xHsMes369e9 - https://youtu.be/YqpicZjblTQ?si=y77KzhPpEGEqHZXw - Columna vertebral: | CN 3º e 4º- C1.1 - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. C1.3 - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións . CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo e de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, | Escala de Observación e rúbrica sobre o anotado polo grupo |

| | | |
|--|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - https://youtu.be/3NFXy7GQTxM?si=ywhDzNtHcx82pN14 - Exemplos de columnas vertebrales feitas por nenos e nenas (daráche algunhas ideas de materiais para poder facelas): https://youtu.be/TptLg1hlW4Q?si=uKnENBrZy6U9Vrzn <p>Visionado dos distintos videos para a comprensión do que deben facer. Toman notas do material preciso para facelo.</p> | <p>desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto e respectando as normas básicas de convivencia.</p> <p>C4.2.2 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.</p> | |
| <p>3. Búsqueda do material preciso para cada maqueta e comezo do traballo.</p> | <p>CN 3º e 4º-CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, proponendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.</p> <p>CS 3º e 4º- CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.</p> <p>CN 3º e 4º_ CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.</p> | <p>Observación directa do traballo</p> |
| <p>4. Actividade final: Exposición das maquetas e emprego da camiseta de body planet para ver en 3D a columna vertebral e a súa disposición co resto de organos do corpo.</p> | <p>LC e LG 3º e 4º- CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais</p> <p>CN 3º e 4º-CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.</p> | <p>Rúbrica do produto final</p> |

| | | |
|---|---|-------------|
| | C1.7 - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). | |
| 5. Actividade de ampliación: Trivial do corpo humano en jclíc (na aula virtual) Aparatos do corpo humano: https://clic.xtec.cat/projects/humano/jclíc.js/index.html Pasapalabra do corpo humano: https://www.cokitos.com/pasapalabra-del-cuerpo-humano/play/ youtube: para facer entre todos: https://youtu.be/w9GXVRAaF3k?si=0UIZ ZaZmn4adxAhC | Lc e lg 3º e 4º- C4.7 - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. CN 3º e 4º_ CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais. | Observación |
| CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA | | |
| Comprensión oral, escrita e audiovisual - Expresión oral e escrita - Habilidades plásticas – Creatividade - o corpo humano – órganos, sistemas e apartos - Traballo en equipo - Toma de decisións - Respecto polas opinións diferentes | | |

| 1. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA | |
|---|------------------------|
| ACTIVIDADE | TEMPORALIZACIÓN |
| Organización dos grupos para a elaboración das distintas maquetas e toma de contacto co ordenador e a aula virtual do Ceip Alborada | 15 minutos |
| Visionado dos vídeos e anotación dos materiais precisos | 15 minutos |
| Comezo da elaboración das maquetas e búsqueda do material para facelas | 1 hora cada maqueta |
| Presentación das maquetas | 30 minutos |

| | |
|--|---|
| Emprego da tablet e a camiseta de realización virtual | 30 minutos |
| Actividades de ampliación na aula virtual do centro (para aqueles que remataran as maquetas) | 30 minutos todas as actividades |
| AGRUPAMENTO: Todas as actividades realizaranse segundo os minigrupos feitos xa polo profesorado. | RECURSOS: Empregaremos os ordenadores abalar, a internet e a aula virtual, así coma os enlaces proporcionados. Precisaremos materiais de refugallo coma caixas de ovos, cordas, fieltro, goma eva, limpapipas, cartóns, palliñas, etc... |

| 2. AVALIACIÓN | | |
|--------------------------------------|---|--|
| ASPECTOS A AVALIAR | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
| ALUMNADO (ensinanza- aprendizaxe) | <ul style="list-style-type: none"> - ESCALA DE VALORACIÓN (Rúbrica) - REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA | Como? mediante a observación directa e sistemática. Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen. Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 1º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos. |
| PRÁCTICA DOCENTE | <ul style="list-style-type: none"> - FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN | Como? Cumprimentando a ficha. Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen. Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a |

| | | información a titora responsable do ámbito | | | | |
|---------------------------|---|--|---|---|--|---|
| RÚBRICA | | | | | | |
| ITEMS | 4 | 3 | 2 | 1 | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | |
| TRABALLO EN EQUIPO | A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO | Accepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo. | Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas. | Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto. | Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo. | LG 4º: CA2.5 LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 |
| | B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO | Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade e con actitude proactiva. | Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade. | Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso. | Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado. | CCNN 3º e 4º: CA4.5, CA4.2 M 3º e 4º: CA2.1, CA3.1, CA6.4 |
| | C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO | Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo. | Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso. | Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo. | Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece. | LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 |
| | D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO | Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga. | Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra. | Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra. | Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas. | LG 4º: CA2.5 LC 3º e 4º: CA2.4, CA2.5 |

| | | | | | | |
|---------------------|---|---|---|--|---|---|
| ORGANIZACIÓN | E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO | Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo. | Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos. | Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións. | Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo. | PC 3º e 4º: CA1.1, CA1.2, CA1.4, CA1.5, CA2.1 CCNN 4º e 3º: CA4.3 MAT 3º E 4º: CA5.1, CA5.2, |
| | F.É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS | É quen de comprender os contidos traballados, de adqurilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes. | É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adqurilos. | É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adqurilos. | Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adqurilos. | MAT 3º E 4º: CA1.2, CA1.7, CA1.2, CA2.6, CA2.7, CA5.2, |
| | G.É QUEN DE EMPREGAR AXEITADAMENTE a aula virtual | É quen de entrar coa súa contrasinal, acceder a parte correspondente de STEM e acceder aos videos e actividades propostas sen apoio, identificando a información precisa. | É quen de entrar coa súa contrasinal, acceder a parte correspondente de STEM e acceder aos videos e actividades propostas con pouco apoio. | É quen de entrar coa súa contrasinal, acceder a parte correspondente de STEM e acceder aos videos e actividades propostas con apoio. | Non é quen de entrar coa súa contrasinal, acceder a parte correspondente de STEM e acceder aos videos e actividades propostas | CCNN 3º e 4º: CA4.1, CA4.2, CA4.32, CA4.4, CCSS 3º E 4º: CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4 |
| | É quen de producir o produto final creativo (as dúas maquetas), cos materiais adecuados dende o 1º momento e con coherencia. | É quen de producir o produto final creativo (as dúas maquetas),cos materiais adecuados con coherencia., case sen apoio. | É quen de producir o produto final creativo , cos materiais adecuados., con apoio. | Non é quen de producir o produto final coas ferramentas adecuadas (ou faltandolle pezas.) | É quen de producir o produto final creativo , cos materiais adecuados dende o 1º momento e con coherencia. | MAT: CA4.1, CA4.5, CA4.6, CA4.7 PLAST 3º: CA 4.6 E PLAST 4º: CA 4.5 |

DESEÑO DA TAREFA – LISTA DE COTEXO

| | SI | NON |
|---|----|-----|
| A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade. | | |
| As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZPD) do alumnado. | | |
| Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito. | | |
| Alcanzáronse os principais obxectivos propostos. | | |
| Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa. | | |
| A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma. | | |
| Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces. | | |
| Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa. | | |
| Os recursos utilizados foron axeitados e de fácil acceso. | | |
| A temporalización prevista axustouse á realidade. | | |
| Foi necesario engadir algún elemento non previsto. | | |
| Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz. | | |
| Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do Centro. | | |
| Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación. | | |